

# Ameaza mundial de EEUU

## Description

Nunha sondaxe feita polo canal internacional de noticias BBC World sobre cales son hoxe os maiores problemas da humanidade, o 52 por 100 apuntou á potencia americana e ó proceso de globalización, seguidos de preto pola corrupción. A guerra e o terrorismo veñen en terceiro lugar.

O xefe de sondaxes e planificación de BBC World, Jeremy Nye, sinalou: «Sorprendeunos que as potencias mundiais e a corrupción ocupasen os primeiros lugares», engadindo que se investigará se estes resultados son consecuencia da actualidade mundial de hoxe, ou se tamén se proxectan a longo prazo.

Que os EEUU representen unha ameaza para a humanidade moito maior que a guerra e o terrorismo non debe sorprenden tanto tendo en conta tan só o seu apoio ó xenocidio palestino e o que directamente eles están practicando en Iraq, segundo se vai sabendo. Así as cousas, é lóxico que outra enquisa internacional da BBC poña de manifesto que está medrando en todo o mundo o resentimento contra os EEUU Beirut, Vietnam, Somalia, Iraq... sempre o mesmo e a peor.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Maió 9, 2004

## Meta Fields

**Autoria :** 10029

**Datapublicacion :** 2004-05-09 00:00:00